



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de xullo de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Abel Losada Álvarez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezoitode xullo de dous mil dezanove e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde, Sr. Pardo Espiñeira (RA 17/07/19) por ausencia do alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(636).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 4 de xullo de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(637).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 608/1102.

Dáse conta do informe-proposta de data 17/07/19, asinado pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio do 2019, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

De conformidade ca normativa sinalada e ao abeiro dos arts. 11, 14, 16 e 17 dos Estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo (DOG n.º 246, do 27/12/2012), esta Alcaldía Presidencia, tralas consultas cos Grupos Políticos Municipais, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Nomear representantes do Concello de Vigo no **Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo** aos seguintes concelleiros/as:

Polo Grupo municipal socialista:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font

Suplente: D^a Nuria Rodríguez Rodríguez

Suplente: D^a Isaura Abelairas Rodríguez

Polo Grupo municipal do Partido Popular:

D. José Alfonso Marnotes González

Suplente: D^a Teresa Egerique Mosquera

Comunicar, así mesmo, ao Consorcio do Casco Vello de Vigo que a competencia en materia de Urbanismo no ámbito do Casco Vello de Vigo correspóndelle á Concelleira Delegada da Área de Urbanismo do Concello de Vigo, D^a M.^a José Caride Estévez, por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019. *Suplente D^a Ana Mejías Sacaluga.*

Segundo.- Nomear representante do Concello de Vigo no Comité Executivo do Consorcio do Casco Vello á concelleira:

D^a M.^a José Caride Estévez

Suplente: D. Carlos López Font

Terceiro.- Designar Vicepresidente do Consorcio Casco Vello de Vigo ao Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Cuarto.- Comunicar este acordo ao Consorcio Casco Vello de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e, para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Quinto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.



Concello de Vigo

Sexto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(638).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZA E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS (RELACIÓN 5/2019). EXPTE. 12259/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 10/07/19, asinado polo letrado-xefe da Área Xudicial da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

1.- Contencioso. Expediente nº 11444/111. Sentenza nº 187 do 29 de maio de 2019. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Demandante/Recorrente: Particular. Obxecto: acordo de aprobación definitiva da modificación puntual da RPT, publicada en data 08/02/2018 no BOP, que desestima a alegación presentada polo recorrente. Expte(s): 30627-220

Esta sentenza, estima o recurso, anula o acto recorrido e declara:

- O dereito á percepción do CD 22 e o CE 88.
- O dereito ao cobro das diferenzas retributivas desde o 01/01/2018.

Con custas taxadas de oficio. O departamento de Persoal debe informar, con urxencia, sobre a procedencia de interpoñer recurso de apelación contra esta sentenza.

2.- Contencioso. Expediente nº 11462/111. Sentenza nº 296 do 5 de xuño de 2019. TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A Coruña. Demandante/Recorrente: Particular. Obxecto: Resolución do 11/04/2016, reclamación de RPA, caída na vía pública o 24/08/2014. Expte(s): 4846/243. Contía: 169.563,50 euros

A sentenza desestima o recurso de apelación interposto contra a de instancia. Suposto no que se axuizou a resolución dun expediente de responsabilidade patrimonial. Na resolución se conclúe que a valoración da proba levada a cabo na instancia foi correcta e que non se xustificou unha actuación antixurídica do Concello de Vigo. Apunta ás doenzas previas do actor xunto co feito de circular cargado con elementos que ía depositar no colector do lixo, como concorrentes na causación dos danos, cualificando o accidente como fortuíto. A sentenza non é firme, pero só se pode promover Recurso de Casación xustificando o seu interese casacional. O Departamento de Responsabilidade Patrimonial-Patrimonio debe coñecer do resolto.

Proc.orixe: 146/2016 P.A. do XCA nº1 de Vigo - Sentenza desestimatoria 49/2018 (comunicada a X.G.L. na sesión do 09/03/2018)

3.- Social. Expediente nº 11556/111. Sentenza nº 302 do 3 de abril de 2019. Xulgado do Social (Reforzo) nº 5 de Vigo. Seguridade social: 356/2018. Demandante/Recorrente: Particular. Obxecto: determinación da continxencia derivada de accidentes de traballo, traslado forzoso dende a sección de patrullas á emisora central da policía local.

Esta sentenza, que non é firme e contra a que se pode interpoñer Recurso de Suplicación, desestima a demanda e ratifica a cualificación da situación de incapacidade do actor como enfermidade común. A resolución considera que no primeiro período dos dous reclamados a

determinación da continxencia como profesional debe desbotarse por resultar firme. Con respecto ao segundo destes períodos, na sentenza se indica que non se acredita que ese estado teña como causa exclusiva o desenvolvemento do seu traballo. Mesmo recolle que algunha das doenzas se manifestan un ano e medio despois de atoparse na situación de incapacidade temporal.

Con absolución do Concello de Vigo, Mutua Fremap e Seguridade Social coa súa Tesouraría, a Área de Recursos Humanos debe coñecer do resolto.

4.- Social. Expediente nº 11643/111. Sentenza nº 492 do 28 de xuño de 2019. Xulgado do Social (Reforzo) nº 1 de Vigo. Ordinario: 693/2018. Demandante/Recorrente: Particular. Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación cantidades, servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria nas praias de Vigo. Contía: 803,22 euros. Esta sentenza, firme, desestima a demanda e absolve ás empresas contratistas e ao Concello de Vigo. O Servizo de Medio Ambiente e o de Persoal deben coñecer o resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 11778/111. Sentenza nº 164 do 14 de xuño de 2019. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo. Abreviado: 430/2018. Demandante/Recorrente: Particular. Obxecto: resolución ditada o 03/09/2018 desestimatoria da reclamación patrimonial por caída nas escaleiras de acceso á Praia de Samil. Expte(s): 5525/243. Contía: 27.171,39 euros. Esta sentenza, que é firme, desestima o recurso por falta de acreditación do nexo causal, en canto ausencia de proba sobre a realidade da caída naquel lugar e data.

A sentenza, nos seus fundamentos xurídicos, examina os presupostos para a apreciación da responsabilidade patrimonial das AAPP, e resolve que neste caso e con respecto ao Concello de Vigo a proba non permite concluír que se producise ese accidente nese lugar concreto, do que ademais se discutía a súa potencial causación de danos (tres chanzos no paseo fronte á praia de Samil). O Departamento de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 11885/111. Sentenza nº 202 do 11 de xuño de 2019. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Abreviado: 7/2019. Demandante/Recorrente: Concello de Vigo. Obxecto: Contra resolución do 23/10/2018 do Conselleiro de Sanidade que desestima o recurso de alzada formulado contra resolución do Director Xeral de Saúde Pública de Galicia do 25/06/2018, sobre expediente sancionador en materia sanitaria da auga. Expte(s): Exp. Xunta 2018022AM-PO / Exp. Concello 4743-313. Contía: 21.520,26 euros. Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso, anula parcialmente o acto e reduce as sancións impostas. Solicitamos informe urxente do Departamento de Medio Ambiente sobre a procedencia de apelar.

7.- Contencioso. Expediente nº 11947/111. Sentenza nº 152 do 6 de xuño de 2019. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo. Abreviado: 53/2019. Demandante/Recorrente: Particular. Obxecto: acordo do T.E.A de data 18/12/2018, que inadmite a reclamación económico administrativa, solicita devolución das taxas de exame 20,15 Eu. Expte(s): 4788/550. Esta sentenza, firme, desestima o recurso (en canto á súa extemporaneidade e ao fondo do asunto) con custas taxadas de oficio (asist. xur. Gratuíta). O Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, o Departamento de Ingresos e o de Persoal deben coñecer o resolto.



Concello de Vigo

8.- Contencioso. Expediente nº 11960/111. Sentenza nº 212 do 19 de xuño de 2019. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Abreviado: 64/2019. Demandante/Recorrente: Particular. Obxecto: Contra desestimación por silencio da solicitude de axuda, do programa municipal de axudas extraordinarias ás familias, para gastos de aloxamentos, subministrados e alimentación. Expte(s): 152796-301.

A sentenza que se está a comunicar, firme, e que non impón as custas, desestima o recurso presentado polo actor, por considerar que a actuación municipal é conforme a dereito. Examinada a natureza xurídica desta convocatoria de axudas, considera que o feito de que o demandante renunciase á renda de inclusión social de Galicia fai que opere a previsión das bases da convocatoria neste extremo, e que se considere a súa solicitude desestimada. Considera válido o criterio municipal de imputar como renda básica e mínima a da RISGA, e polo tanto, e conforme ás bases, se desestima e se confirma o axuste a dereito da desestimación. O Servizo de Benestar Social debe coñecer do resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 11973/111. Sentenza nº 313 do 6 de xuño de 2019. TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4 . Recurso de apelación: 15010/2019. Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública. Obxecto: Contra resolución do TEA de data 04/05/2018 en relación ao IBI 2017. Expte(s): 36590/700 – 4642/550. Contía: 88.169,84 euros

Esta Sentenza, que non é firme, confirma a sentenza de instancia e desestima o recurso de apelación interposto pola TGSS, con imposición de custas. Confirma así o criterio de que non cabe con ocasión da impugnación da providencia de prema, atacar a liquidación tributaria por motivos de fondo e a condición de suxeito pasivo do IBI da TGSS nos bens cedidos á Comunidade Autónoma, no que hai que atender á titularidade catastral. A Recadación Executiva e o Tribunal Económico-Administrativo Local deben coñecer o resolto. Proc.orixe: 290/2018 P.O. do XCA nº 2 de Vigo - Sentenza desestimatoria 18/2019

10.- Contencioso. Expediente nº 11976/111. Sentenza nº 209 do 19 de xuño de 2019. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Abreviado: 55/2019. Demandante/Recorrente: Particular. Obxecto: sanción por infracción de tráfico. Expte(s): 0188647731. Esta sentenza ratifica a actuación municipal no expediente sancionador de tráfico por condución baixo os efectos de sustancias estupefacientes (positivo en cannabis). A resolución considera que ao demandante se lle outorgou un prazo para alegacións sen que procedese a presentalas. Sinala que tanto o acceso ao expediente (libre e sen custe) como a obtención de copia do mesmo (suxeita á taxa regulada pola ordenanza fiscal) estiveron abertos en prazo para presentar as alegacións, e non levou a cabo ningunha actuación, polo que o procedemento resultou finalizado.

Esta sentenza é firme e imponlle 200 euros de custas ao demandante. O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 11978/111. Sentenza nº 219 do 25 de xuño de 2019. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Abreviado: 59/2019. Demandante/Recorrente: Empresa Obxecto: desestimación presunta por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados polas obras realizadas na Praza de Compostela. Expte(s): 5677/243

A sentenza, que é firme, declara a satisfacción extraprocésal da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada pola entidade recorrente toda vez que consta

resolución expresa estimatoria da mesma na contía solicitada (resolución concelleiro delegado patrimonio de 29 de abril de 2019) e condena en custas á administración ao ditarse a resolución unha vez iniciado o preito e sinalada a vista, co límite de 200 euros. Debe coñecer o resolto o Departamento de Patrimonio-RPA.

12.- Contencioso. Expediente nº 11991/111. Sentenza nº 214 do 19 de xuño de 2019. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Abreviado: 56/2019. Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 17/10/2018 desestimatoria da solicitude en materia de permiso por maternidade. Expte(s): 33145/220. Esta sentenza que non é firme, estima o recurso e lle recoñece á demandante o dereito a gozar dun permiso de maternidade de vinte semanas, sen impoñer as custas polas dúbidas de dereito que poden conducir a interpretacións diferentes desta cuestión. A sentenza considera que os dereitos recollidos no texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público son mínimos con respecto a este concreto permiso por parto, e que a lei autonómica completa ese mínimo, considerando complementaria e supletoria tal regulación. Non considera aplicable o criterio recollido na sentenza invocada na resolución desestimatoria porque se refire a un suposto de provisión de postos de traballo, e non de permisos, como é o axuizado. A Área de Recursos Humanos debe coñecer do resolto.

13.- Contencioso. Expediente nº 12029/111. Sentenza nº 155 do 7 de xuño de 2019. TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3. Recurso de apelación: 7039/2019. Demandante/Recorrente: Concello de Vigo. Obxecto: Acordo da X.G.L. do 10/08/2017 denegación resolución contrato concesión do SP para redacción, proxecto, construción e xestión de tres aparcadoiros públicos na Avda. Castelao, Genaro de la Fuente e Rosalía de Castro. Expte(s): 636-449. Contía: (Indeterminada). Esta sentenza desestima o recurso de apelación presentado pola representación do Concello contra a sentenza que estimou o recurso da Administración Concursal de Cocheras Olívicas de Puentes S.A. O único motivo de desestimación é o referido á constancia nos autos do preito da súa contía como indeterminada, o que segundo o criterio da Sala pasa por examinar se reúne os requisitos de contía para ser admitida. Considerando a Sala que non concorre ese requisito por fixarse a contía como indeterminada, desestimou o recurso de apelación sen entrar no fondo do asunto. O Servizo de Contratación debe coñecer do resolto. Contra esta sentenza só cabe promover un Recurso de Casación. Proc.orixe: 328/2017 P.O. do XCA nº1 de Vigo - Sentenza estimatoria 36/2019 (comunicada a X.G.L. na sesión do 29/03/2019)

14.- Social. Expediente nº 12030/111. Sentenza nº 342 do 20 de xuño de 2019. Xulgado do Social nº 2 de Vigo. Ordinario: 205/2019. Demandante/Recorrente: Particular. Obxecto: Reclamación cantidades deixadas de percibir por mor da baixa por incapacidade temporal que requiriu hospitalización. Contía: 1.431,98 €. Esta sentenza, que é firme e contra a que non cabe recurso ningún, estima o recurso e considera que o Concello de Vigo debe aboar a cantidade reclamada, posto que o precepto invocado do convenio colectivo se considera plenamente aplicable. Na sentenza se fai mención a outra xa firme do TSXG na que nun suposto análogo (traballadora por quendas) e referido tamén ao Concello de Vigo se recoñece que o Concello como empregador coñece os horarios de traballo da persoa beneficiada por esta mellora voluntaria, e polo tanto, procede o pagamento xa que non se trata de conceptos extraordinarios, senón das retribucións fixas e periódicas. A Área de Recursos Humanos debe coñecer do resolto, executar a sentenza e ter en conta que este



Concello de Vigo

criterio xa resulta firme por dúas instancias diferentes (a comunicada e a referida nesta sentenza) e consideralo en vía administrativa.

15.- Contencioso. Expediente nº 12120/111. Sentenza nº 199 do 11 de xuño de 2019. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Abreviado: 115/2019. Demandante/Recorrente: Particular. Obxecto: resolución do 30/01/2019 desestimatoria da reclamación económico-administrativa formulada contra a desestimación presunta da solicitude de rectificación e devolución de ingresos indebidos presentada fronte á autoliquidación do IIVTNU. Expte(s): 4782/550. Esta sentenza, que é firme con imposición de custas á parte demandante, desestima o recurso e declara a adecuación de dereito da autoliquidación en concepto do IIVTNU (plusvalía).

Tras a cita de diversa xurisprudencia (sobre todo, STC 59/2017 e posteriores do TS), se declara a adecuación a Dereito do cálculo do imposto segundo o disposto no TRLRFL, sen que o demandante achegase medio de proba ningún sobre a inexistencia de valor, extremo sí probado pola administración. A Administración de Tributos (IIVTNU) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

16.- Contencioso. Expediente nº 12121/111. Sentenza nº 206 do 11 de xuño de 2019. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Abreviado: 116/2019. Demandante/Recorrente: Particular. Obxecto: Contra resolución do 21/01/2019 desestimatoria da reclamación económico-administrativa formulada contra a desestimación presunta da solicitude de rectificación e devolución de ingresos indebidos presentado fronte á autoliquidación do IIVTNU. Expte(s): 4781/550

Esta sentenza, que é firme con imposición de custas á parte demandante, desestima o recurso e declara a adecuación de dereito da autoliquidación en concepto do IIVTNU (plusvalía). Tras a cita de diversa xurisprudencia (sobre todo, STC 59/2017 e posteriores do TS), se declara a adecuación a Dereito do cálculo do imposto segundo o disposto no TRLRFL, sen que o demandante achegase medio de proba ningún sobre a inexistencia de valor, extremo sí probado pola administración.

A Administración de Tributos (IIVTNU) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 12154/111. Sentenza nº 225 do 25 de xuño de 2019. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Abreviado: 141/2019. Demandante/Recorrente: Particular. Obxecto: Contra resolución do 20/02/2019 ditada polo TEA sobre o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana. Expte(s): 4822/550

Esta sentenza, que é firme con imposición de custas á parte demandante, desestima o recurso e declara a adecuación de dereito da autoliquidación en concepto do IIVTNU (plusvalía). Tras a cita de diversa xurisprudencia (sobre todo, STC 59/2017 e posteriores do TS), se declara a adecuación a Dereito do cálculo do imposto segundo o disposto no TRLRFL, sen que o demandante achegase medio de proba ningún sobre a inexistencia de valor, extremo sí probado pola administración. A Administración de Tributos (IIVTNU) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

18.- Contencioso. Expediente nº 12185/111. Sentenza nº 176 do 2 de xullo de 2019. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo. Abreviado: 191/2019. Demandante/Recorrente: Particular. Obxecto: resolución do 05/02/2019 ditada polo TEA que desestima a reclamación

interposta fronte á presunta desestimación da solicitude de rectificación e devolución de ingresos indebidos da autoliquidación do IIVTNU. Expte(s): 4803-550 e 5732.16.1.

Esta sentenza, firme, desestima o recurso determinando que, tras doutrina establecida en casación polo TS, non é admisible determinar a base impositiva de xeito distinto ao previsto no artigo 107.4 TRLHL, sen aportar unha proba idónea para desvirtuar a adecuación do método legalmente previsto. A Administración de Tributos (IIVTNU) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

4(639).- MODIFICACIÓN DO LOTE Nº 4 DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6347/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 16/07/19, asinado pola xefa do servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área, a letrada da Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do subministro de vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do subministro de vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

Primeiro.- En data 22 de febreiro de 2018 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante a XGL) acordou aprobar o expediente de contratación do subministro do vestiario para o persoal municipal, autorizar o gasto correspondente e abrir a licitación.

Segundo.- En data 11 de outubro de 2018 a XGL acordou:

“Adxudicar a SAGRES, S.L. o lote 4 do procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) por un prezo total de 501.575,00, sendo a cota correspondente ao IVE de 87.050,21 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta e cunha baixa proporcional única do 13% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 4.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Terceiro.- En data 6 de xuño de 2019 a XGL acordou iniciar procedemento para a modificación do citado lote 4.

Cuarto.- En data 9 de xullo, durante o trámite de audiencia conferido ao efecto, o contratista manifesta a súa conformidade coa modificación proposta.

Quinto.- En data 9 de xullo o responsable do contrato emite informe sobre a presente modificación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

Hai que ter en conta que se ben con respecto ao procedemento que regula o exercicio das potestades do órgano de contratación no seo do contrato, a normativa de aplicación é a vixente no momento de exercitar a citada potestade, neste caso a modificación, por aplicación das disposicións transitorias do Código Civil (Ditames 403/09, de 15 de decembro e 380/10, de 10 de novembro do Consejo Consultivo de la Comunidad de Madrid). Neste caso coincide a norma de aplicación.

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Así evítanse conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- A necesidade dun maior número de prendas ou elementos para dotar de vestiario aos traballadores derivado do aumento do persoal adscrito a cada servizo.
- A modificación da normativa vixente en canto a seguridade e saúde no traballo.

O único aspecto a modificar é o “incremento do orzamento máximo” (apartado 16.A da FEC), establecéndose como límite que a modificación non poderá superar o 20% do prezo de adxudicación do contrato para cada un dos lotes (apartado 16.D da FEC).



Concello de Vigo

A modificación obxecto deste informe ven motivada polo incremento da plantilla do servizo da Policía Local, coa incorporación de 32 axentes, tal e como informa o Inspector Principal da Policía Local en data 2 de abril de 2019, detallando as prendas necesarias, todas elas pertencentes ao lote 4 relativo a "Prendas ou elementos da uniformidade específica do servizo de Policía local". Para poder adquirir estas prendas é necesario modificar o orzamento máximo previsto para este lote. Informa ó respecto o xefe da área de Inversións, en data 9 de xullo do presente ano o seguinte:

"En relación os elementos que se contemplan no ámbito do prego e os condicionantes da execución do contrato son necesarios para o período da primeira anualidade do contrato os seguintes elementos de acordo coas seguintes unidades e en base o orzamento solicitado ao adxudicatario de acordo cos condicionantes da súa oferta e os pregos:

Elementos vestiario	Unid	€/unid	Total s/IVE
Escudo "Policía Vigo" - Galonera	64	15,83 €	1.013,12 €
BOTA HAIX BLACK EAGLE Athletic 2.1	32	118,56 €	3.793,92 €
Chaquetón - Cazadora - mod CAZADORA ESTELA GALICIA	32	219,83 €	7.034,56 €
PANTALÓN FAENA INVIERNO hombre/muller (con rodilleras)	64	70,25 €	4.496,00 €
PANTALÓN FAENA VERANO hombre/muller (con rodilleras)	32	70,25 €	2.248,00 €
POLO M/L mod - POLO ALDAN GALICIA (Galonera Tejido)	96	37,18 €	3.569,28 €
POLO M/C mod - POLO ALDAN GALICIA (Galonera Tejido)	96	37,18 €	3.569,28 €
Gorra tipo beisbol, modalidade ordinaria	32	4,12 €	131,84 €
		Total s/IVE	25.856,00 €
		IVE	5.429,76 €
		TOTAL CON IVE	31.285,76 €

Así mesmo en relación os elementos que se contemplan no ámbito do prego e os condicionantes da execución do contrato son necesarios para o período da segunda anualidade do contrato os seguintes elementos:

Elementos vestiario	Unid	€/unid	Total s/IVE
BOTA Motorista - mod Alpinestar (Roam 2 Waterproof Boot)	32	116,12 €	3.715,84 €
CUELLO BUFANDA POLAR, mod Windproof Buff Navy	32	16,53 €	528,96 €

SUETER POLAR mod. TÉRMICO CUELLO ALTO COSTURAS PLANAS	64	27,79 €	
CAMISETA TERMICA FINA M/C	64	15,00 €	960,00 €
GUANTE ANTICORTE ANTIPINCHAZOS mod Arribas AR 26-Car	32	22,31 €	713,92 €
CAZADORA MOTO ALLWEATHER GALICIA	32	305,28 €	9.768,96 €
PANTALON MOTO ALLWEATHER CON BOLSILLOS	32	206,60 €	6.611,20 €
Total s/IVE			23.188,16 €
IVE			4.869,51 €
TOTAL CON IVE			28.057,67 €

O vixente contrato e un contrato de subministros en función das necesidades da administración cun orzamento máximo (disposición adicional 34ª do TRLCSP) e de acordo aos prezos unitarios ofertados polo adxudicatario.

En relación as necesidades descritas nas solicitudes de ambos servizos, débese indicar que as mesmas non se corresponden as necesidades inicialmente contempladas na previsión definidas no PPTP do actual contrato, e as mesmas atenden a novas necesidades e polo tanto o maior número de postos de traballo, la va implícito una maior necesidades na previsión económica do actual contrato en relación aos tres lotes, polo cal e necesario proceder a solicitude da condición recollida no PCAP, de modificar o prezo máximo do contrato”.

Podemos concluír, á vista dos citados informes que a modificación proposta obedece a un incremento da plantilla da Policía Local, que implica a necesidade de dotar de uniformes ós novos axentes, sendo o vestiario o obxecto deste contrato. Está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP. Tal e como se indica no informe técnico citado implica un incremento do prezo do contrato para o exercicio 2019 de 31.285,76 euros, que equivale a un 6,24 % do importe máximo do mesmo, e para o exercicio 2020 de 28.057,67 euros, que equivale a un 5,59 % do importe máximo do contrato. A modificación para as dúas anualidades supón un 11,83 % do prezo do contrato, e atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 20% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 16.D da FEC.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no pcap cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b



Concello de Vigo

LCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación nel regulado.

- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros. Consta no expediente a conformidade do contratista á modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: prover de uniformes aos policíaos que se incorporan á plantilla. A Policía Local é unha competencia municipal propia en virtude do disposto nos artigos 25.2.f da LBRL e 80.2.m da LALGA.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do xefe da área de Inversións, a modificación ascende a 31.285,76 euros no exercicio 2019 e a 28.057,67 euros no exercicio 2020,

Evacuado o trámite de audiencia ó contratista, este manifesta a súa conformidade coa modificación proposta, en escrito con data 9 de xullo de 2019. En consecuencia, procede formular proposta sobre a presente modificación ó órgano de contratación. A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 35.1.a LPAC).

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3:

- Cando se modifique un contrato que estea suxeito a regulación harmonizada, con excepción dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do número 2 do artigo 205, deberá publicarse no «Diario Oficial de la Unión Europea» o correspondente anuncio de modificación conforme o establecido nesta lei.
- Cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, o ser un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO:

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Modificar o lote 4 do contrato de subministro de vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo, incrementando o orzamento máximo do contrato en:

- *31.285,76 euros no exercicio 2019, que equivale a un 6,24 % do mesmo.*
- *28.057,67 euros no exercicio 2020, que equivale a un 5,59 % do mesmo.*

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que se distribuirá orzamentariamente da forma seguinte:



Concello de Vigo

Aplicación orzamentaria			2019	2020
9200	221.04.00	Vestiaro servizos municipais	31.285,76 €	28.057,67 €

3º.- *Previamente á formalización da modificación do contrato SAGRES, S.L., deberá reaxustar a garantía definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.*

4º.- *Formalizar por escrito a presente modificación."*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(640).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE RESPONSABLE DO CONTRATO DE SERVIZOS DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS 2019" NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS. EXPTE. 7922/335.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/07/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "VIGO EN FESTAS 2019" no auditorio ao aire libre de Castrelos (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 23 de maio de 2019, a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo (en adiante XGL), acordou, entre outros extremos, aprobar o expediente de contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa "VIGO EN FESTAS 2019" no auditorio ao aire libre de Castrelos, así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares, e a apertura da licitación deste procedemento.

Consta no apartado 1C do Anexo II - FEC- do PCAP que o responsable do contrato é o funcionario instrutor do expediente do Servizo de Festas, actualmente a Técnica de Turismo en virtude de Resolución da Concelleira de Persoal de data 28 de xuño de 2019.

Segundo.- En data do 15 de xullo de 2019, a Concelleira delegada de Festas solicita a modificación do responsable do contrato no procedemento para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “VIGO EN FESTAS 2019” no auditorio ao aire libre de Castrelos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

En primeiro lugar, resulta preciso determinar a lexislación aplicable a este cambio. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato, no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil), é dicir, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Do responsable do contrato

O artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público dispón que “Con independencia da unidade encargada do seguimento e da execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, os órganos de contratación deberán designar un responsable do contrato, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada á entidade contratante ou allea a ela.”

Neste senso, a cláusula 1.3 do PCAP determina que “O responsable do contrato coas competencias que lle asigna o artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) será fixado no apartado 1.C da FEC ou será nomeado pola Xunta de Goberno local no acordo de aprobación do expediente. Se durante a vixencia do contrato fose necesario cambialo, o concelleiro delegado do servizo xestor indicará esta circunstancia ao Servizo de Contratación, o cal formulará a proposta ao órgano de contratación para a súa aprobación. Este cambio non terá a consideración de modificación contractual.”



Concello de Vigo

Segundo o apartado 1.C da Folla de características do contrato (FEC) o responsable deste contrato é o funcionario instrutor do expediente do Servizo de Festas (actualmente a Técnica de Turismo en virtude de Resolución de data 28.06.2019).

En data 15 de xullo de 2019, a Concelleira delegada de Festas formula o servizo de contratación unha solicitude de cambio do responsable do contrato neste procedemento. Esta solicitude motivase no carácter técnico da execución do contrato e na falta de medios persoais no servizo de Festas:

“a vista do carácter técnico das especificacións do PPT que rexe o contrato e ante a ausencia transitoria da titular da Xefatura de Festas e falta de medios persoais técnicos cualificados na materia adscritos ao servizo propoñendo a designación de Alberto Comesaña Rial responsable do contrato como especialista na materia responsable.(...)”.

Na mesma proponse como responsable deste contrato a D. Alberto Comesaña Rial.

A elección do responsable basease no feito de que por Resolución da Concelleira delegada da Área de Festas e Turismo de data 26.02.2019 autorizouse o gasto para a contratación de asesoramento e seguimento producións técnicas concertos 2019, a favor de Alberto Comesaña Rial como persoal especialista na materia (expediente 7867-335), e este, na oferta presentada, inclúe o asesoramento sobre as solucións técnicas para a adecuación das esixencias dos artistas ao escenario do recinto de Castrelos e metodoloxía de traballo de todas as prestacións recollidas no prego e daqueles aspectos que se atopan dentro do prego técnico así como o seguimento e control da correcta execución de 20 eventos (16 no Auditorio de Castrelos).

Á vista dos preceptos transcritos non existe inconvinte ó cambio de responsable do contrato, por ser unha circunstancia prevista no prego e estar xustificado o mesmo nos motivos consignados na solicitude de cambio formulada pola Concelleira de Turismo.

-III-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

ACORDO

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- “Aprobar o cambio de responsable do contrato do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2019” no Auditorio ao aire libre de Castrelos (expediente 7922/335) designando a D. Alberto Comesaña Rial.

2º.- Notificar este acordo ó interesado”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(641).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE DE TRASNOS BEISBOL CLUBE EN BASE AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018-2019. EXPTE. 18701/333.

Visto o informe xurídico do 05/07/19 e informe de fiscalización do 11/07/19, dáse conta do informe-proposta de data 03/07/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 18701/333 sobre as proposta de subvención a favor da entidade deportiva Trasnol Beisbol Clube en base o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade, e tendo en conta o informe xurídico emitido con data 25 de Xuño de 2019, procede modificar o convenio sobre as consideracións detalladas no informe xurídico, atendendo ás observacións realizadas no mesmo e que a continuación se detallan:

- Engádese a cláusula Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.
- Engádese a cláusula Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumplimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancions en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.
- Engádese a cláusula Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

Por todo o exposto, procédese á modificación do convenio considerando e atendendo ás observacións detalladas.

INFORME PROPOSTA

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 12.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.12 a favor da entidade Trasnol Beisbol Clube polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2018/2019.



Concello de Vigo

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Trasnos Beisbol Clube conta cun equipo de elite na modalidade de beisbol na categoría 1ª División Nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría 1ª División Nacional hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2018/2019, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Trasnos Beisbol Clube e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Trasnos Beisbol Clube para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema



Concello de Vigo

Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2019, na partida orzamentaria 3410.489.00.12, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Trasnos Beisbol Clube durante a tempada deportiva 2018/2019, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2019.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Trasnos Beisbol Clube para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2018/2019 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 12.000,00 €. a favor da entidade Trasnos Beisbol Clube co CIF: G-27750645 e enderezo social na rúa Bouza Fría 3, 36313, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18701-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.12 do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE TRASNOS BÉISBOL CLUB EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPTE. 18701/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez., que actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude de Concelleiro delegado de Deportes, no uso das competencias que atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019).

Doutra, D. Manuel Fernández Rodríguez Villanueva como presidente da entidade Trasnos Beisbol Clube co CIF: G-27750645 e enderezo social na rúa Bouza Fría 3, 36313, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18701/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Trasnos Beisbol Clube durante a tempada 2018-2019. A entidade conta cun equipo de élite que participa na categoría 1ª División Nacional desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Trasnos Beisbol Clube desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2018/2019.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Trasnos Beisbol Clube impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do beisbol en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.



Concello de Vigo

- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Consegui que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.12 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 12.000,00 €, a favor da entidade deportiva Trasnos Beisbol Clube

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Trasnos Beisbol Clube na tempada deportiva 2018/2019.

VI.- Que a entidade Trasnos Beisbol Clube non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18701-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Trasnos Beisbol Clube conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Trasnos Beisbol Clube comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de beisbol na tempada 2018/2019.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacions en torneos ou en xornadas orientadas ó beisbol base.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de beisbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Trasnos Beisbol Clube na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Trasnos Beisbol Clube (revista, web, etc).



Concello de Vigo

3º.- Conceder directamente á entidade Trasnos Beisbol Clube unha subvención por importe de 12.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.12 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2018/2019. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2018/2019, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha

conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.



Concello de Vigo

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2018/2019. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumplimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancions en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.



Concello de Vigo

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de _____ de 2019.

7(642).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “VIGO INTEGRA VII” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 16565/77.

Visto o informe de fiscalización do 12/07/19, dáse conta informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Por atribución temporal de funcións mediante acordo da XGL do 03/05/2019) e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No DOG. núm. 116, do 20 de xuño, publicouse a Orde do 7 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2018 (código do procedemento TR332A).

II. En data 09/07/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de subvención para o programa integrado para o emprego VIGO INTEGRA VII, durante os anos 2019 e 2020.

III. A concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, coa finalidade de favorecer e facilitar a inserción e reinserción laboral, mediante accións programadas e deseñadas que incrementen e melloren a súa empregabilidade e faciliten o seu acceso ao emprego, procede á preparación do Programa VIGO INTEGRA VII, no que se fomenta o uso das novas tecnoloxías como base de novos servizos de apoio cos obxectivos de:

– Promover a inserción laboral das persoas beneficiarias, preferentemente perceptores de prestacións, e facendo especial fincapé na mocidade con idade ata 30 anos e persoas desempregadas como consecuencia dunha crise empresarial, potenciando e reforzando a súa iniciativa cara á formación, fomentando a súa motivación cara unha cualificación con expectativas de emprego, proporcionándolles apoio e acompañamento na busca de emprego.

- Realizar accións para o emprego que faciliten e apoiem a busca individual de traballo das persoas beneficiarias do Programa con especial incidencia na mocidade e persoas desempregadas.
- Fomentar a participación dos colectivos en risco de exclusión en accións de orientación, información, formación, etc.
- Dotar ás persoas usuarias do Programa das estratexias, habilidades e destrezas necesarias a través das distintas accións do proxecto, para unha boa busca activa de emprego, incrementando a súa autonomía e motivación.
- Adoptar mecanismos adecuados ás necesidades persoais que permitan salvar obstáculos que dificultan a inserción laboral.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O expediente ten por obxecto solicitar unha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia dacordo co proxecto que se presenta, denominado "Vigo Integra VII".

II. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exe

II. O programa ten unha duración estimada de 12 meses cun inicio previsto para o mes de novembro de 2019, e cun total de 100 persoas participantes das que se prevé unha inserción do 39%.

III. O custo total estimado do proxecto é de **258.400,00 euros**, dos que o 76% corresponde á solicitude de subvención (**208.400,00€**) e o 24% restante á cofinanciación municipal (**50.000,00€**), que se financiará con cargo ás partidas (2410.1200100, 2410.1200400, 2410.1200600, 2410.1210001, 2410.1210004, 2410.1210101, 2410.1210104,



Concello de Vigo

2410.1600000), de persoal adscrito ao desenvolvemento do proxecto polo que non é necesario a retención de crédito e que conforme ao apartado C.15.1 da memoria do proxecto suporían 86.100,00 €, importe este moi superior ao previsto para a cofinanciación por parte do Concello de Vigo no proxecto.

IV. O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da subvención que se solicita.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía de data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- *Aprobar o proxecto denominado "Vigo Integra VII", elaborado polo Servizo de Emprego do Concello de Vigo, por un importe total de 258.400,00 €, dos que 208.400,00 € son o importe solicitado a subvencionar pola Xunta de Galicia e os restantes 50.000,00 €, son a financiar polo Concello de Vigo.*
- 2.- *Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na orde do 07 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o ano 2019.*
- 3.- *Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2019 e 2020 das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.*
- 4.- *Delegar no concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(643).- OUTORGAMENTO DAS “SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO -ANO 2019”. EXPTE. 16049/77.

Visto o informe de fiscalización do 12/07/19, dáse conta do informe-proposta de data 05/07/19, asinado pola técnica de xestión, conformado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego (Por atribución temporal de funcións mediante acordo da XGL do 03/05/2019) e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2019
- Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro, probadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 27/12/2018

ANTECEDENTES:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 27 de decembro de 2018, aprobáronse as “Bases e Convocatoria de Subvencións para o fomento do emprego de entidade sen ánimo de lucro. Expdte. 16049/77”.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 3, do 4 de xaneiro de 2019 e o extracto da convocatoria destas subvencións remitido pola BDNS, foi publicado no BOP no seu número 8 de data 11 de xaneiro, así como nos medios de comunicación escrita e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á súa publicación no BOP (14/02/2019 ao 25/02/2019, da que resultou a presentación das seguintes noventa e tres (93) solicitudes seguintes:

Nº	NºExp	Serv.	ENTIDADE	Data Rex.
1	16152	77	ASOC CLUSTER GALLEGA GEOTERMIA ACLUGEGA	14/01/19
2	16155	77	ASOCIACION GALLEGA DE SUMILLERES	14/01/19
3	16157	77	ASOCIACION DE PERSONAS SORDAS DE VIGO	15/01/19
4	16158	77	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS PRAZA DA MIÑOCA	15/01/19
5	16159	77	ASOCIACION EMPRESARIAL INDUSTRIALES Y COMERCIANTES ZONA DE TRAVIESAS	15/01/19



Concello de Vigo

Nº	NºExp	Serv.	ENTIDADE	Data Rex.
6	16160	77	ASOCIACION VIGUESA DE JIU-JITSU	15/01/19
7	16162	77	ASOC FOLCLORICA CULTURAL E VECIÑAL 'ANDARELA'	16/01/19
8	16163	77	FEDERACION VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO	16/01/19
9	16168	77	ASOCIACION VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO	17/01/19
10	16170	77	ASOC DE COMERCIANTES DEL CALVARIO	18/01/19
11	16171	77	CLUB ESCOLA ROSALIA	18/01/19
12	16172	77	AVCD LAVADORES	18/01/19
13	16173	77	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVILA	18/01/19
14	16178	77	ASOCIACIÓN PARKINSON VIGO	21/01/19
15	16179	77	ASOCIACION DE EMPRESARIAS DE GALICIA	21/01/19
16	16181	77	ASOC. DE EMPRESARIOS DE ELECTRICIDAD Y TELECOMUNICACIONES DE PONTEVEDRA	21/01/19
17	16182	77	UNION GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA	21/01/19
18	16184	77	FUNDACION LABORAL CONSTRUCCION	23/01/19
19	16185	77	FUNDACION ALDABA	21/01/19
20	16187	77	ASOCIACIÓN DE FÚTBOL AFICIONADO DE VIGO	21/01/19
21	16188	77	ASOCIACION ARELA	21/01/19
22	16189	77	CLUB PING PONG VIGO	25/01/19
23	16190	77	ASOCIACION DE AYUDA A LA VIDA AYUVI	22/01/19
24	16191	77	CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE_COGAMI	22/01/19
25	16192	77	AGRUPACION DEPORTIVA TAMIAR APAMP	22/01/19
26	16197	77	ASOC. EMPR. TRANSP DISCREC. MERCAN PONTEVEDRA_ASETRANSPO	22/01/19
27	16198	77	FUNDACION LUIS TILVE	22/01/19
28	16199	77	MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIG	22/01/19
29	16200	77	ASOC AUTONOMA PROVINCIAL DE EMPRESARIOS	22/01/19
30	16201	77	ASOCIACION VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIANS	22/01/19
31	16202	77	ASOC. CULTURAL BARRIO ALTO DO CASCO VELLO	22/01/19
32	16203	77	CLUB DE ESGRIMA DE VIGO EL OLIVO	23/01/19
33	16204	77	ASOC CULTURAL GALICIA FIDDLE	23/01/19
34	16205	77	ASOCIACION COMERCIANTES Y HOSTELEROS ZONA NAUTICO	23/01/19
35	16206	77	ASOCIACION BANDA DE MUSICA UNION MUSICAL DE VALLADARES	23/01/19
36	16208	77	FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA	23/01/19
37	16209	77	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMA LA UNION	23/01/19
38	16210	77	ASOC DE COMERCIANTES DE TEIS	23/01/19
39	16211	77	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	24/01/19
40	16212	77	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO	23/01/19
41	16213	77	EMAUS FUNDACION SOCIAL	23/01/19
42	16214	77	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	25/01/19
43	16215	77	ASOCIACION PARA LA PROMOCION DE LA SALUD AMAINA	23/01/19
44	16216	77	ASOC VIGUESA DE ALCOHOLOGIA ASVIDAL	24/01/19
45	16217	77	APAMP ASOC. FAM. PERS.PARALISE CEREBRAL	24/01/19
46	16218	77	U.V.C.D CANDEÁN	24/01/19
47	16219	77	ASOC DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA	24/01/19
48	16220	77	CLUB DEPORTIVO COIA	24/01/19
49	16221	77	ASOC DE JOVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD	24/01/19
50	16222	77	FUNDACION PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	24/01/19
51	16223	77	AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO	24/01/19

Nº	NºExp	Serv. ENTIDADE	Data Rex.
52	16224	77CENTRO CULTURAL VECIÑAL E DEPORTIVO VIGO CENTRO	24/01/19
53	16225	77CLUBE CICLOTURISTA VALLADARES	24/01/19
54	16226	77FEDERACION DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA	24/01/19
55	16227	77ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	24/01/19
56	16228	77FUNDACION CIP	24/01/19
57	16229	77ESCOLA TEMPO LIBRE XARUMA	24/01/19
58	16231	77FUNDACION MENELA	24/01/19
59	16232	77ASOC ACCION SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	24/01/19
60	16233	77ASOCIACION DE EMPRESARIOS MERCADO TRAVIESAS	24/01/19
QUINTO: MODIFICAR os períodos de contratación dos proxectos presentados polas entidades que non acadaron o 100% da súa solicitude, dentro dos Programas I e II, **"Entidades veciñais e culturais"** e **"Entidades sociais e asistenciais"**, **respectivamente**, conforme ao establecido na Base 12.5 da convocatoria e mediante a aplicación dos criterios expostos na Acta da Comisión de Valoración:

-PROGRAMA I:

N.º EXP-TE.	NOME ENTIDADE	Nº DE POSTOS A CONTRATAR	DURACIÓN (MESES)	% DA AXUDA	Meses de contrato subvencionado
16158	A.V. PRAZA DA MIÑOCA	1		72,68%	
	Oficial 2ª Administrativo/a	1	7		5,09
16162	AFCV ANDARELA	2		47,05%	
	Auxiliar administrativo/a	1	6		2,82
	Monitor/a actividades lúdicas e música tradicional	1	6		2,82
16168	A.V.C. CASCO VELLO	2		59,31%	
	Auxiliar administrativo/a	1	3		1,78
	Auxiliar administrativo/a	1	8		4,74
	Persoal entidade	1	8		4,74
16212	A.VV. O CARBALLO DE SÁRDOMA	2		78,02%	
	Limpiador/a	1	8		6,24
	Administrativo/a	1	8		6,24
16223	AGRUPACIÓN CENTROS DEP.E CULT. DE VIGO	4		49,91%	
	Peón	2	5		2,50
	Administrativo/a	2	5		2,50
16224	C.C.V.D. VIGOCENTRO	2		66,61%	



Concello de Vigo

N.º EXP-TE.	NOME ENTIDADE	Nº DE POSTOS A CONTRATAR	DURACIÓN (MESES)	% DA AXUDA	Meses de contrato subvencionado
	Monitor/a música tradicional	1	5		3,33
	Auxiliar administrativo/a	1	5		3,33
	Persoal entidade	1	5		3,33
16227	AVCU-CSCR DE BEADE	4		48,59%	
	Monitor/a tempo libre	2	5		2,43
	Técnico/a xestión documental	1	6		2,92
	Limpidor/a	1	8		3,89
	Persoal entidade	1	6		2,92
16237	A.V. CAMIÑO VELLO DE COIA	1		54,85%	
	Auxiliar administrativo/a		6		3,29
16242	S.C.D.R. HELIOS DE BEMBRIVE	1		47,83%	
	Auxiliar administrativo/a		6		2,87
	Persoal entidade		6		2,87
16263	A.V. SANTA MARIÑA – CABRAL	11		58,08%	
	Coordinador/a campamento verán	1	1		0,73
	Coordinador/a campamento verán	1	2,5		1,82
	Monitor/a campamento verán	6	2,5		1,82
	Monitor/a campamento verán	3	2		1,45
16265	S.C. D. ATLANTIDA MATAMA	5		71,10%	
	Auxiliar administrativo/a	1	7,5		5,33
	Persoal mantemento	1	7,5		5,33
	Profesor/a oboe	1	7,5		5,33
	Profesor/a trombón e tuba	1	7,5		5,33
	Profesor/a solfeo	1	7,5		5,33
16267	C.C.A.R. VALLADARES	3		43,14%	
	Auxiliar bibliotecario/a	1	7		3,02
	Ludotecario/a	1	6,87		2,96
	Técnico/a marketing	1	7		3,02
	Persoal entidade	1	7		3,02
16163	FEDERACIÓN PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO"	2		60,21%	
	Auxiliar administrativo/a	2	6		3,61

-PROGRAMA II:

N.º EXP-TE.	NOME ENTIDADE	Nº DE POSTOS A CONTRATAR	DURACIÓN (MESES)	% DA AXUDA	Meses de contrato subvencionado
16157	ASOCIACION DE PERSOAS SORDAS DE VIGO	1		83,39%	
	Axente de xestión de actividades	1	7		5,84
16184	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	1		67,89%	
	Técnico/a de formación, orientación, asesoramento	1	7		4,75
16185	FUNDACIÓN ALDABA	2		44,84%	
	Educador/a social	1	7		3,14
	Técnico/a Auxiliar Administrativo/a	1	7		3,14
	Persoal entidade	1	7		3,14
16190	AYUVI	1		66,38%	
	Técnico/a	1	5		3,32
	Persoal entidade	1	5		3,32
16191	CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	2		54,06%	
	Conductor/a coche adaptado	1	8		4,32
	Conductor/a coche adaptado	1	6		3,24
	Persoal entidade	1	8		4,32
16198	FUNDACIÓN LUIS TILVE	2		40,11%	
	Técnico/a medio/a	2	4		1,60
	Persoal entidade		4		1,60
16204	GALICIA FIDDLE ASOCIACIÓN CULTURAL	2		75,12%	
	Administrativo/a	1	6		4,51
	Coordinador/a campamento verán	1	2		1,50
16206	UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES	4		76,80%	
	Profesor/a Música e Movemento e Linguaxe Musical	1	7		5,38
	Profesor/a Música instrumentos de Vento Madeira	1	7		5,38
	Profesor/a Música instrumentos de Vento Metal	1	3		2,30
	Profesor/a Formación Musical de Conxunto	1	3		2,30
	Persoal entidade	1	7		5,38
16213	EMAÚS F.S.	4		47,03%	



Concello de Vigo

N.º EXP-TE.	NOME ENTIDADE	Nº DE POSTOS A CONTRATAR	DURACIÓN (MESES)	% DA AXUDA	Meses de contrato subvencionado
	Integrador/a social	1	6		2,82
	Traballador/a social	1	6		2,82
	Técnico/a actividade física e saúde	1	6		2,82
	Técnico/a realización audiovisual	1	6		2,82
	Persoal entidade	1	7		3,29
16217	APAMP-ASOC.FAMILIARES PERSOAS PARÁLISE CEREBRAL	3		46,12%	
	Monitor/a taller cerámica	1	7,5		3,46
	Electricista	1	7,5		3,46
	Limpiador/a	1	5		2,31
16219	AFAGA- ALZHEIMER	2		54,49%	
	Enxeñeiro/as técnicos/as, peritos e axudantes titulados/as	1	7,5		4,09
	Axudantes non titulados/as	1	7,5		4,09
	Persoal entidade	1	7,5		4,09
16228	FUNDACIÓN CIP	3		61,74%	
	Auxiliar administrativo/a	1	3,9		2,41
	Oficial 2ª Administrativo/a	1	3,9		2,41
	Orientador/a laboral	1	3,9		2,41
16229	ESCOLA TEMPO LIBRE XARUMA	2		55,57%	
	Educador/a ambiental	1	4		2,22
	Peón xardiñeiro	1	6		3,33
	Persoal entidade		6		3,33
16234	ASOC. AUTISMO VIGO	1		81,64%	
	Oficial 1ª Administración	1	7		5,71
	Persoal entidade	1	7		5,71
16236	H.C. SAN RAFAEL	2		29,89%	
	Cuidador/a	2	6		1,79
	Persoal entidade	1	6		1,79
16245	ABAP -ASOC. BULIMIA E ANOREXIA DE PONTEVEDRA	2		51,09%	
	Psicólogo/a	1	6		3,07
	Recepcionista	1	6		3,07
16247	ASOC. DE AYUDA AL ENFERMO MENTAL DOA	3		71,47%	
	Grado Traballador/a Social	1	3		2,14
	Monitor/a de Obradoiro	1	3		2,14

N.º EXP-TE.	NOME ENTIDADE	Nº DE POSTOS A CONTRATAR	DURACIÓN (MESES)	% DA AXUDA	Meses de contrato subvencionado
	Oficial 1ª Mantemento	1	3		2,14
16253	ASOCIACION MULLERES EN IGUALDADE DE VIGO	3		42,08%	
	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias Políticas	1	6		2,52
	Licenciado/a ou graduado/a en Socioloxía	1	6		2,52
	Licenciado/a ou graduado en Psicoloxía	1	6		2,52
16255	ASOCIACIÓN XARUMA	4		79,57%	
	Educador/a social	1	4		3,18
	Peón xardiñeiro	1	6		4,77
	Auxiliar mantemento	1	6		4,77
	Auxiliar limpeza	1	6		4,77
	Persoal entidade	1	6		4,77
16257	A.C. REENCANTO PRODUCIÓNS	1		78,42%	
	Axudante de dirección	1	5		3,92
16260	ACCION LABORAL	2		30,14%	
	Orientador/a laboral	2	6		1,81
16264	ASOC. MULLERES PEDRA VELLA	3		60,25%	
	Auxiliar administrativo/a	1	7		4,22
	Traballador/a social	1	6		3,62
	Monitor/a de tempo de lecer	1	2		1,21

SEXTO: PUBLICAR na Base Nacional de Datos de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) as as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e programa subvencionado, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

SÉTIMO: NOTIFICAR o presente acordo aos/as interesados/as, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(644).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE IGUALDADE, NO MES DE XUÑO DO ANO 2019. EXPTE. 9412/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 11/07/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31^a das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de xuño do ano 2019.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
9337-224	CMSE	Impartición de dous módulos formativos dirixidos ao monitorado de animación socio cultural e tempo libre que participarán nos campamentos de "Verán Xoven 2019"	Cristina Rodríguez Ramos	23112279906	3/06/2019	1.440,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

10(645).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA SOCIEDADE "SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U" A FIN DE REGULAR O PROCEDIMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓN TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 13758/445.

Vistos o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 8/07/19, dáse conta do informe-proposta do 4/07/19, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe de Área de Inversións, polo concelleiro delegado de Fomento e Servizos, e pola secretaria do Goberno Local, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

1.- O Parque Móbil do Concello de Vigo xestiona unha flota de 240 vehículos nestes intres de diferentes categorías, e que se atopan adscritos a diferentes servizos, todos eles destinados ao cumprimento das diferentes funcións que os respectivos servizos desenvolven en exercicio das competencias propias do Municipio.

2.-Os referidos vehículos da flota municipal deben someterse periodicamente ás inspeccións técnicas para a comprobación da súa aptitude na vía pública nas condicións establecidas na normativa vixente, motivo por el cal considerouse necesaria a regulación dun sistema de cita previa para a súa xestión así como da facturación dos referidos servizos de inspección a fin de facilitar a súa correcta tramitación, motivos todos eles que xustifican a necesidade e oportunidade do convenio.

3.-O referido servizo de inspección técnica en Galicia ven sendo considerado como servizo público, e na actualidade se presta a través da anteriormente nomeada xestión indirecta, por unha única concesionaria, a sociedade "Supervisión Y Control, S.A.U" en réxime exclusivo para o todo o territorio de Galicia.

4.-A referida sociedade concesionaria e o Concello de Vigo no exercicio das súas competencias, están interesados na regulación das condicións da tramitación da xestión e facturación dos servizos de inspeccións técnicas que se establece a medio do correspondente convenio.

5.-En data 29/04/19 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o expediente para a elaboración e aprobación dun Convenio entre o Concello de Vigo e a sociedade "Supervisión e Control, S.A.U" concesionaria do servizo de inspeccións técnicas dos vehículos en Galicia, co obxecto de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas dos vehículos da flota municipal.

6.-Consta no expediente memoria xustificativa que xustifica a necesidade e idoneidade do convenio, asinada en data 31/05/19 polo Xefe da Unidade de mantemento de vías e obras, o Xefe do Servizo administrativo e control orzamentario, o Xefe da Área de Inversións de servizos xerais, e o Concelleiro delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación.

7.-Consta na referida Memoria, a xustificación de cumprimento do principio de sustentabilidade financeira, de conformidade co recollido no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, toda vez que as actuacións contempladas na proposta de convenio xustifican un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, e supoñen un aforro no gasto ao mantemento ordinario, toda vez que se prescinde da contratación dun servizo de mediación das referidas xestións sendo realizadas por persoal do Parque Móbil.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- O artigo 25.2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LR-BRL) atribúe ás Administracións municipais o exercicio de diferentes competencias propias, así como o artigo 80.2 da Lei 5/1.997, 22 xullo, Lei de Administración Local de Galicia. O Parque Móbil xestiona a flota de vehículos adscritos a diferentes servizos, en cumprimento de diferentes competencias das contempladas no devandito precepto legal



Concello de Vigo

II.- Artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) contemplan que as Administracións Públicas no ámbito das súas respectivas competencias poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que poida supor a cesión da titularidade da competencia.

III.- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. Lei Orgánica 7/2013, de 27 decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e Lei 5/2014, 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 7/13.

IV.- Base 4ª das Bases execución do orzamento do Concello de Vigo de 2.019.

V.- O artigo 11.2 da Lei de Contratos do Sector Público, regula como excluídos do ámbito subxectivo da lei as relacións xurídicas consistentes na prestación dun servizo público cuxa utilización polos usuarios requira o abono dunha tarifa, taxa ou prezo público de aplicación xeral.

VI.- Lei 40/15, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público. A LRXSP establece no artigo 47 establece que son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos ou entidades de Dereito Público vinculados ou dependentes ou Universidades Públicas entre sí ou con suxeitos de Dereito Privado para un fin común.

VII.- O convenio consta dunha parte expositiva e clausulado, sendo o seu obxecto establecer o réxime de colaboración entre a sociedade “Inspección y Control, S.A.U” e o Concello de Vigo para a regulación do procedemento de xestión e facturación das inspeccións técnicas dos vehículos da flota municipal.

VIII.- A competencia para a celebración de contratos privados segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda.11 corresponde nos municipios de gran poboación á Xunta de Goberno Local, calquera que sexa o importe ou a duración deste.

De conformidade coa Base de execución 40ª “Os convenios serán subscritos, en representación do Concello, pola Alcaldía-Presidencia ou concelleiro/a en quen delegue”.

En base ao exposto, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.-Aprobar o Convenio de colaboración entre a Sociedade “Supervisión y Control, S.A.U” e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal.

Segundo.- Solicitar da Sociedade “Supervisión y Control, S.A.U” a subscripción do convenio que se anexa para o regulamento do procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal.

Tercero.- Facultar al Concelleiro Delegado del Área de Fomento e Servizos para la sinatura do presente convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO ENTRE A SOCIEDADE “SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U” E O CONCELLO DE VIGO A FIN DE REGULAR O PROCEDIMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓN S TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL.

En Vigo, a de de 2019

REUNIDOS

Dunha parte _____ en nome e representación do Concello de Vigo, asistido da Secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo

Doutra parte D/Dª _____, con D.N.I. nº _____, en nome e representación de “SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U.”, concesionaria do servizo de inspección técnica de vehículos en Galicia, con C.I.F. _____ e domicilio social en _____; representación outorgada en virtude de escritura pública de _____ con número de protocolo _____, outorgada ante Notario do Colexio _____ en data _____.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

EXPOÑEN

I- Que a sociedade “Supervisión y Control, S.A.U”, con C.I.F. A-15117609 presta os servizos de inspección técnica de vehículos (ITV) no ámbito territorial de Galicia, en virtude de concesión administrativa de data 25 de maio de 1.987 e 7 agosto de 1.991 da Comunidade Autónoma de Galicia por tratarse dunha competencia autonómica.

II.- O Concello de Vigo está interesado no aprazamento de pago dos servizos de inspección de vehículos da súa flota municipal, así como na regulación da xestión de citas dos referidos vehículos.



Concello de Vigo

II.- O Concello de Vigo, actúa pola súa banda en exercicio das competencias establecidas no artigo 25.2. da Lei 7/85, de 2 de abril de Bases de Réxime Local, e artigo 80.2. da Lei 5/1.997, de 22 de xullo reguladora da Administración Local de Galicia.

III.- De conformidade co establecido no artigo 48 Lei 40/15, de 1 outubro que establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de Dereito Público vinculados ou dependentes poderán no ámbito das súas respectivas competencias subscribir convenios con suxeitos de Dereito Público e privado sen supor a cesión da competencia.

En base ao exposto a sociedade “Supervisión y Control, S.A.U” e o Concello de Vigo acordan asinar o presente convenio de colaboración consonte as seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA. - O obxecto do presente convenio o constitúe a regulación do procedemento de xestión e facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal de Concello de Vigo.

SEGUNDA.- “Supervisión y Control, S.A.U.” prestará o servizo de inspección técnica de vehículos aos vehículos da flota municipal do Concello de Vigo na estación ITV de servizo de Vigo sita en Avda. Peinador ou en calquera das estacións de ITV da provincia de Pontevedra.

TERCEIRA.- O Parque Móbil do Concello de Vigo solicitará cita previa con pre-reserva para cada un dos vehículos municipais a través da web <https://www.sycityv.com/es/> ou no seu caso do teléfono 902309000. Os vehículos municipais acudirán en horario de mañá dada a disponibilidad horaria do persoal do Parque Móbil.

CUARTA.- Os condutores dos vehículos que acudan á inspección técnica do vehículo estarán obrigados a presentar a documentación do vehículo, que acredite a titularidade do vehículo, así como formulario no que conste autorización, identificación e acreditación do condutor para a realización da xestión.

QUINTA.- Comprobada a titularidade e a documentación achegada “Supervisión y Control, S.A.U” e unha vez realizados os trámites administrativos a entidade procederá á inspección técnica do vehículo, procedéndose á devolución da documentación ao condutor.

SEXTA.- As tarifas por tratarse de tarifas fixas corresponderanse coas fixadas pola Xunta de Galicia na anualidade en curso e comprenderá a taxa de tráfico o IVE e o canon polo vehículo inspeccionado así como outros conceptos sexan de aplicación.

SÉPTIMA.- Facturaránse os servizos prestados ao Concello de Vigo a través da Plataforma FACE con carácter mensual, enviando os as facturas correspondentes ao mes anterior antes do día 5 de cada mes.

A factura electrónica a emitir deberá axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

- UNIDADE TRAMITADORA: GE0000674PARQUE MÓBIL
- OFICINA CONTABLE: GE0000575/ INTERVENCIÓN
- ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

A sociedade “Supervisión y Control, S.A.U” deberá facilitar un enderezo electrónico no que se fagan constar as incidencias que puideran xurdir na tramitación e control das facturas.

OITAVA.- O Concello de Vigo unha vez se proceda ao control das facturas remitidas procederá ao pagamento das mesmas a través de transferencia bancaria antes do día 30 do mes posterior ao número de conta .

NOVENA.- A vixencia do presente convenio será de catro anos, finalizando a súa vixencia en data de de 2.023, en calquera momento antes da finalización do referido prazo, os firmantes poderán acordar a súa prórroga por un período de catro anos adicionais ou a súa extinción.

DÉCIMA. A modificación do presente convenio requirirá acordo unánime dos firmantes. No referente á extinción o Convenio extinguirase de conformidade co establecido no artigo 51 da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público, polo cumprimento das actuacións previstas ou por incurrir en causa de resolución: transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordar a prórroga, acordo unánime de todos os subscribentes, incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algunha das partes , resolución xudicial de nulidade ou calquera outra causa legalmente prevista.

UNDÉCIMA.-O presente convenio rexerese polas normas contidas neste documento. As partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir. Non obstante, recoñécese a xurisdición civil como competente, acordando as partes someterse ao xulgados de Tribunais de Vigo.

Conformes as partes, asinan o presente convenio por duplicado, no lugar e data da sinatura dixital



Concello de Vigo

11(646).- NOMEAMENTO INTERINO CON CARGO Á PRAZA VACANTE DE TRES DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL, CORRESPONDENTE A OEP 2018, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1.A) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 34334/220.

Visto o informe de fiscalización do 10/07/19, dáse conta do informe-proposta do 8/07/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira -delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 23/11/2018, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente adoptou acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2018 (expte 31180-220), publicada no BOP nº227 de 26/11/2018.

2.- Con data 27/06/2019, o Xefe da área de Benestar Social, coa conformidade da Concelleiro delegada da Área de Política de Benestar Social, remite oficio manifestando a necesidade de cubrir interinamente tres prazas de diplomados en traballo social correspondentes a OEP 2018.

3.- A Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 01/07/2019, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible, a correspondente proposta á Xunta de Goberno Local para o nomeamento interino con cargo a vacante de tres diplomados/as en traballo social (correspondente á Oferta de Emprego Público 2018), previsto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente ditas prazas, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2018, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 23/11/2018.

4.- Con data 01/07/2019, emítese polo Técnico de Organización e Planificación de RRHH e Formación, informe técnico, que inclúe a proposta de gasto, constando o mesmo no expediente, que recolle que “as tres prazas de Diplomado/a en Traballo Social incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2018, aprobada pola Xunta de Goberno local de 23/11/2018, publicada no BOP de 26 de novembro seguinte, modificada por acordo do mesmo órgano de data 21/01/2019, e publicada no BOP de 07/02/19 e no DOG de 19 de febreiro de 2019 BOP de 29/12/17, **atópanse vacantes**, sen prexuízo de que na actualidade figure na nómina municipal una empregada laboral indefinida por sentenza xudicial coa referida categoría profesional de Traballadora Social, situación que xa se fixo constar no informe técnico que figura no trámite 111 e o informe-proposta, (trámite 120) do expediente 31582/220 polo que se cubriu interinamente unha das dúas prazas de Diplomado/a en Traballo Social incluídas na OEP correspondente ao ano 2017, polo que a xuízo do que subscribe, **as referidas tres prazas están en disposición de ser cubertas**”.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do legislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto



Concello de Vigo

y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2018, segundo o caso.

O apartado 4 do artigo 10 do TREBEP establece que no suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo, as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización. No caso actual as citadas prazas xa foron incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2018, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 23/11/2018.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 81-diplomado/a en traballo social), adscrito ao Servizo de Benestar Social, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de

execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Consta o escrito da Xefe de Benestar social, solicitando a cobertura das vacantes, así coma a instrución da Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal de data 01/07/2019, no que se ordena o inicio do presente expediente. O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, que consta no expediente:

“O custo anual de tres postos de Diplomado/a Traballo Social para o exercicio 2019 e de 154.168,38€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0100 (soldo base, por un importe anual de 41.194,26€), 121.0001 (complemento de destino, por un importe anual de 27.680,52€), 121.0101 (complemento específico por un importe anual de 47.947,20€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 37.346,40€), significando que o custe máximo anual do presente expediente será de 74.183,26€ (dos que 56.212,79€ corresponden a retribucións e, 17.970,47 a seguridade social a cargo da Empresa), toda vez hai que imputalo a un máximo de 5,7742 meses, toda vez que non estarían en condición de ser nomeados/as ata polo menos o 8 de xullo actual.

Dito custe imputarase as partidas orzamentarias 120.0100 (soldo base, por un importe anual de 19.821,99€), 121.0001 (complemento de destino, por un importe anual de 13.319,41€), 121.0101 (complemento específico por un importe anual de 23.071,39€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 17.970,47€), por un total de 74.183,26€.”.



Concello de Vigo

Advírtese no citado informe que o gasto que suporía a aprobación do presente expediente, así como outros expedientes que impliquen novos nomeamentos interinos dos contemplados no artigo 10.1 do TREBEP, incluídos os nomeamentos con cargo a praza vacante, como é o caso, e que supoñen incremento de compromiso de gasto para o presente e vindeiros anos, poderán afectar, no que respecta aos créditos orzamentarios, a outros expedientes en tramitación, entre eles o expte 31779/220 “Actuacións para a implementación práctica do acordo plenario de data 05/04/2018 en relación ao réxime retributivo do persoal de policía e bombeiros”, que se atopa en tramitación e, a realización das modificacións de crédito necesarias para suplementar as partidas as que se refire o informe técnico que figura no expte. 31808/220, trámite 78 derradeiro parágrafo, que se transcribe:

“En conclusión, tendo en conta o número de postos da Relación de Postos de Traballo vacantes, que están dotadas para todo o ano e que non están incluídas en ningunha Oferta de Emprego Público por limitacións legais, conformarán recursos para suplementar as aplicacións 9200.1400000, 9200.1430000, 9200.1500000, 9200.1510000, respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento”.

V. - Verificación das listas de reserva:

- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Diplomado/a en Traballo Social, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.
- Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento, con cargo ás prazas vacantes de Diplomadas en Traballo Social incluídas na OEP 2018, de: D^a Marina López Martínez, con DNI ***1177**, D^a Jérica Patricia Barril Vázquez, con DNI ***6353** e D^a Marta Vallejo Fernández, con DNI ***0669**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

As mesmas aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos nomeamentos interinos con cargo a vacante segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais

efectuadas en datas 18/06/2019 e 20/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a provisión interina con cargo a vacante de tres **diplomados/as en traballo social** correspondente á Oferta de Emprego Público 2018, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto de **74.183,26€** (dos que 56.212,79€ corresponden a retribucións e, 17.970,47 a seguridade social a cargo da Empresa).

Dito custe imputarase as partidas orzamentarias 120.0100 (soldo base), 121.0001 (complemento de destino), 121.0101 (complemento específico) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa).

SEGUNDO: Nomear funcionaria interina, como Diplomada en Traballo Social con cargo á praza vacante da OEP 2018 a D^a Marina López Martínez, con DNI ***1177**, D^a Jérica Patricia Barril Vázquez, con DNI ***6353** e D^a Marta Vallejo Fernández, con DNI ***0669**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente ditas prazas, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2018, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 23/11/2018; percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 81-diplomado/a en traballo social

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/as funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ás aspirantes nomeadas, a xefatura de Benestar Social, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(647).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE ESTATÍSTICA. EXPTE. 34372/220.

Visto o informe de fiscalización do 15/07/19, dáse conta do informe-proposta do 9/07/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 05/06/2019, a Xefa do Servizo de Estatística, remite oficio, manifestando a urxente necesidade de un/unha auxiliar de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, a Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 05/07/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible á correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 08/07/2019, emítase polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo***



Concello de Vigo

tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estos efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa de Estatística, así coma na instrución de servizo na que se ordena o inicio do expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de un/unha auxiliar de administración xeral para o Servizo de Estatística, supón un gasto de **11.829,98 €** (10.821,96 €, corresponden ao presente exercicio e 1.008,02 € ao vindeiro exercicio 2020) e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.749,99 €** (3.430,46 €, corresponden ao presente exercicio e 319,53 € ao vindeiro exercicio 2020) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".



Concello de Vigo

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Auxiliar de administración xeral de D^a María José Jelusich Diz, con DNI ***3132**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

A mesma aceptou expresamente, mediante escrito que consta anexado ao expediente, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019, 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **auxiliar de administración xeral**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do Servizo de **Estatística** contidas no escrito do 05/06/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **11.829,98 €** (10.821,96 €, corresponden ao presente exercicio e 1.008,02 € ao vindeiro exercicio 2020), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionaria interina por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como auxiliar de administración xeral a D^a María José Jelusich Diz, con DNI ***3132**, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliar), sendo adscrita ao Servizo de Estatística, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Instar a Xefatura da Área/Servizo para a realización do correspondente documento organizativo no cal se analicen as necesidades estruturais e temporais de efectivos nos departamentos ao seu cargo, establecendo a obriga de remitilo á Concellaría-delegada de xestión municipal para a realización das actuacións pertinentes.

SEXTO: Notificar o presente acordo á aspirante nomeada, á Xefa de Servizo de Estatística, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(648).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA NO MES DE XUÑO DE 2019. EXPTE. 2827/330.

Dáse conta do informe de data 15/07/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:



Concello de Vigo

En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo **servizo da Área de Cultura, no mes de XUÑO de 2019.**

SERVIZO: Área de Cultura

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
2722/330	CONTRATACIÓN DE REPARACIÓNS DIVERSAS EN DIFERENTES INSTALACIÓNS DO VERBUM	36130547P JOSÉ MUNUEL MUÍÑOS RODRÍGUEZ	1.135,16 eur
2775/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PRODUCCIÓN TÉCNICA NECESARIA PARA O CICLO DE CONCERTOS DE CORAIS E CONCERTO DA NOITE BRANCA PREVISTOS NO VERBUM-CASA DAS PALABRAS	B27704980 SACAFERRO SL	3.272,32 eur
2776/330	CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN EN TURBINAS DO SISTEMA DE CLIMATIZACIÓN DA PINACOTECA FRANCISCO FERNANDEZ DEL RIEGO	A15208408 VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	2.499,59 eur
15986/331	CONTRATACIÓN DA SUBSTITUCIÓN DO SISTEMA CONTRAINCENDIOS NA BIBLIOTECA PÚBLICA JUAN COMPAÑEL	B3681492 MONTAJES TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	10.498,79 eur
15991/331	CONTRATACIÓN DA INSTALACIÓN DE ELEMENTOS PARA O SISTEMA DE SEGURIDADE DA BIBLIOTECA XOSÉ NEIRA VILAS	B15259765 SISTEMAS DE SEGURIDADE A1 S.L	2.581,05 eur

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

14(649).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE XUÑO DE 2019. EXPTE. 2523/341.

Dáse conta do informe de data 9/07/19, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais e polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2019, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, D. Abel Losada Álvarez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e o Museo Quiñones de León (337) no mes de **XUÑO**, e que son os que deseguido se relacionan:

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2480/341. Seguro das obras da exposición "Darío Álvarez Gándara. Amaneceu outra vez", na Casa Galega da Cultura. HISCOX, S.A., SUCURSAL EN ESPAÑA. RCM 42427.	15/06/19	318,45 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2479/341. Embalaxe, transporte e montaxe das obras da exposición "Darío Álvarez Gándara. Amaneceu outra vez", na Casa Galega da Cultura. DAEXGA SERVICIOS INTEGRALES DE GALICIA, S.L. RCM 44531.	24/06/19	3.455,55 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2433/341. Servizo de depósito e retirada de residuos voluminosos non perigosos, na Casa das Artes. TOCA SALGADO, S.L. RCM 41226.	10/06/19	730,96 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6640/337. Servizo de reparación e/ou subsanación de pequenas avarías no pazo de Castrelos-Museo Municipal Quiñones de León. JOSÉ MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ. RCM 40124.	06/06/19	675,18 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6652/337. Elaboración de informe técnico especializado sobre solicitudes de préstamos temporais de material arqueolóxico. HERMINIA RODRÍGUEZ PÉREZ. RCM 42448.	13/06/19	471,90

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

15(650).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "REFORZO DE FIRME NA AVDA. SANTA MARINA (DO Nº 104 ATA O Nº 204)". EXPTE. 318/441.

Visto o informe xurídico do 11/07/19 e informe de fiscalización do 15/07/19, dáse conta do informe-proposta do 10/07/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Á vista da dilixencia asinada pola Intervención xeral de data 2 de xullo de 2019, procédese a emitir novamente informe tendo en conta as observacións formuladas.

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.



Concello de Vigo

1.- Mediante resolución do 28.12.2018 do Director Xeral da Axencia Galega de Desenrolo Rural foi aprobada a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao “Plan de mellora de camiños municipais 2019- 2020”, dirixidas ao fomento de actuacións de ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais dos Concellos de Galicia. Entre a tipoloxía de actuacións previstas, atópase a de reforzo de firmes.

No Anexo II figura o listado dos concellos beneficiarios e as correspondentes asignacións máximas. O Concello de Vigo figura cunha asignación total de 73.827,00 €, distribuídas en dúas anualidades, 36.913,50 € na anualidade do 2019 e 36.913,50 € na anualidade do 2020.

2.-Previo informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 27.02.19, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en datas 27 e 28 de febreiro de 2019, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 28.02.2019 aprobou o proxecto de “REFORZO DE FIRME NA AVENIDA SANTA MARINA (do nº104 ata o nº204)”, redactado polos Enxeñeiros Municipais de Camiños Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA E CINCO MIL NOVECENTOS OITENTA E UN EUROS con CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (135.981,58 €) e sinatura dixital de data 26/02/2019.

3.- Na mesma data, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar a participación do Concello de Vigo no “PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019-2020” aprobado por resolución do 28 de decembro de 2018 polo Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e remitir o presente acordo a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural xunto coa solicitude do Concello de Vigo de participar no citado Plan.

4.- En data 15.05.2019, recíbese notificación de resolución de concesión de axuda a favor do Concello de Vigo, ao abeiro do Plan de Melloras de camiños municipais 2019-2020, financiado con fondos propios da Consellería de Medio Rural, por importe de 73.827,00 €.

5.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 6029/440 que inclúe o proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28.02.2019, de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 28.02.2019, que se corresponde co expediente administrativo 6029/440, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños asinado dixitalmente en data 26 de febreiro de 2019.
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, o Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos e Obras e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento en data 15.05.2019.

- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 16.05.2019.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 16.05.2019.
- e) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 13.06.2019.
- f) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 4 e 5 de xullo de 2019.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de contratación de data 08.07.2019.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), os criterios de solvencia económica, financeira, técnica e profesional (artigo 116.4.c LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d LCSP), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) e a non división en lotes (artigo 116.4.g). Xustifícase a adecuación do proxecto as disposicións de carácter legal e regulamentario, así como á normativa técnica de aplicación (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 27.02.2019), e o cumprimento da normativa sectorial e a non necesidade de autorizacións sectoriais. Consta a elección do procedemento de licitación, aberto e tramitación urxente, así como a súa xustificación na memoria elaborada ao efecto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento, e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

A proposta atópase contemplada dentro dos créditos vixentes no actual orzamento, e así mesmo e o seu financiamento atópase vinculado á concesión da axuda ao abeiro do “Plan de Mellora de camiños municipais 2019-2020”, outorgada mediante Resolución do 28 de decembro de 2018 do Director Xeral da Axencia Galega de Desenrolo Rural (DOG nº21 do



Concello de Vigo

30 de xaneiro de 2019). Xustifícase a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da actuación proposta.

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a declaración da **tramitación de urxencia** do expediente para contratar a execución das obras do proxecto de **“REFORZO DE FIRME NA AVENIDA SANTA MARINA (do nº104 ata o nº204)”** redactado polos Enxeñeiros Municipais de Camiños Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, e por conseguinte aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 08.07.2019.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “CENTO TRINTA E CINCO MIL NOVECIENTOS OITENTA E UN EUROS con CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS” (135.981,58 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 23.600,11 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.210.00.07 (Reforzo firme Sta. Mariña), a nivel de bolsa de vinculación xurídica, sendo os créditos suficientes para facer fronte a todos os compromisos sen perturbar o bo funcionamento do servizo.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

16(651).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO GRUPO “FANGORIA” PARA O PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2019” NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS. EXPTE. 7935/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 17/07/19, dáse conta do informe-proposta de data 16/07/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a instrutora de expedientes do Servizo de Festas (Resolución do 1/07/19), que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo “Fangoria” para o programa “Vigo en Festas 2019” no auditorio ao aire libre de Castrelos

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da actuación artística a cargo do grupo español “FANGORIA”, a celebrar o día 24 de xullo de 2019, as 23:00 horas no Auditorio ao aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2019” (expediente 7935/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 23 de maio de 2019, asinado polo instrutor do expediente, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 7 de xuño de 2019, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.

Segundo.- Autorizar un gasto por un importe total de 83.369,00 euros (dos cales 14.469,00 euros corresponden ao IVE), con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

Terceiro.- *Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”*

Segundo.- O 25 de xuño de 2019 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.



Concello de Vigo

Terceiro.- Con data do 4 de xullo de 2019 CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello a través da plataforma de licitación electrónica, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 10 de xullo de 2019, a instrutora de expedientes do Servizo de Festas (Resolución 1 de xullo de 2019) e a Xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión *“Cualificado o DEUC e comprobado que é correcto, acórdase admitir a neste procedemento a CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L.”* A continuación, abriuse o *“SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”*. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal, o Estado e á Comunidade Autónoma e coa Tesourería da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Segundo o disposto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador, CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., achega a documentación xustificativa do exixido no artigo 140 da LCSP, formularase a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a oferta.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao/á xefe/a do servizo xestor e ao/á xefe/a do Servizo de Contratación ou persoas que designen. A proposta realizarase a favor do empresario determinado ao que poida encomendarse o contrato por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva (artigo 168.a 2º da LCSP) como se xustifica na cláusula 10.1 do PCAP; neste caso, CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L. por ostentar os dereitos exclusivos desta contratación.

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 10 de xullo de 2019 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L. do grupo español “FANGORIA” mais equipos de luces, son, audiovisuais, backline e catering, xunto ao seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo que terá lugar no Auditorio ao aire libre de Castrelos de Vigo (7935-335) por un prezo total de 83.369,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 14.469,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(652).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “RICK ASTLEY” PARA O PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2019” NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS. EXPTE. 7941/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 17/07/19, dáse conta do informe-proposta de data 16/07/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a instrutora de expedientes do Servizo de Festas (Resolución do 1/07/19), que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo “Rick Astley” para o programa “Vigo en Festas 2019” no auditorio ao aire libre de Castrelos



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da actuación artística a cargo do artista británico “RICK ASTLEY”, a celebrar o día 26 de xullo de 2019, as 23:00 horas no Auditorio ao aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2019” (expediente 7941/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 23 de maio de 2019, asinado polo instrutor do expediente, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 7 de xuño de 2019, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.

Segundo.- Autorizar un gasto por un importe total de 82.836,60 euros (dos cales 14.376,60 euros corresponden ao IVE), con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- O 25 de xuño de 2019 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ORGANIZACION DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 1 de xullo de 2019 ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello a través da plataforma de licitación electrónica, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 3 de xullo de 2019, a instrutora de expedientes do Servizo de Festas (Resolución 1 de xullo de 2019) e a Técnica de Admón Xeral de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión *“Cualificada a documentación administrativa, compróbase que ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. non acredita correctamente a solvencia técnica”, acórdase conceder un prazo de 3 días para que corrixa a documentzación.*

En data 08 de xullo de 2019 recíbese subsanación da documentación (DOC 190104792).

En segundo lugar en data 10 de xullo de 2019 a instrutora de expedientes do Servizo de Festas (Resolución 1 de xullo de 2019) e a Xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación acordan admitir neste procedemento a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L.” A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal, o Estado e á Comunidade Autónoma e coa Tesourería da Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Segundo o disposto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador, ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., achega a documentación xustificativa do exixido no artigo 140 da LCSP, formularase a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a oferta.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao/á xefe/a do servizo xestor e ao/á xefe/a do Servizo de Contratación ou persoas que designen. A proposta realizarase a favor do empresario determinado ao que poida encomendarse o contrato por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva (artigo 168.a 2º da LCSP) como se xustifica na cláusula 10.1 do PCAP; neste caso, ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. por ostentar os dereitos exclusivos desta contratación.

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ás actas do 3 e o 10 de xullo de 2019 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. do artista británico “RICK ASTLEY” mais equipos de luces, son, audiovisuais, backline, aloxamentos, transportes internos e catering, xunto ao seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo que terá lugar no Auditorio ao aire libre de Castrelos de Vigo (7941-335) por un prezo total de 82.836,60 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 14.376,60 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

18(653).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O SEGUNDO TENENTE ALCALDE
Franciso Javier Pardo Espiñeira.